



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/9/2024	GOB18I07K
446R5D4F082N2K3M0CZJ	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D^a MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a OLGA AMENEIRO LOPEZ D/D^a MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/D^a JOSE OREONA BRA</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do sete de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL CONCELLOS 2024) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.- Vista a proposta formulada que di así: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: *Aceptación de subvención de contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PELConcellos 2024), da Deputación Provincial da Coruña*

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía de data 08/01/2024 (SSO18I00M) e posterior dación da conta en Xunta de Goberno Local de data 11/01/2024 (GOB18I00Q), apróbase a solicitude dunha Subvención por importe de 52.000,00€, á Deputación Provincial da Coruña para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais no concellos da provincia,(PEL-CONCELLOS 2024), ao abeiro da convocatoria publicada no BOP N° 206 de 27 de outubro de 2023.

En data 12/02/2024, a Deputación Provincial da Coruña publica no BOP n°31, a Resolución do Presidente da Deputación da Coruña, na que se aproba a concesión definitiva de subvencións do programa referenciado (PEL-CONCELLOS 2024)..Na Resolución da Deputación, o concello de

Narón recibe a cantidade 52.000,00€. Tendo en conta a data de concesión da subvención, a contratación so poderá efectuarse polo periodo de 01/03/2024 a 31/12/2024.

As actividades a desenvolver polo persoal contratado, serán exclusivamente, actividades relacionadas cos servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aceptación das subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: "1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a aceptación da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.
- Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- □Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigos 23 e 27.
- Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial da Coruña BOP N° 150 do 10/08/2021
- Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña (BOP número 178, luns, 18 de setembro de 2023)
- Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2024), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local. BOP n° 206 de (27/10/2023).
- Publicación bop n° 233, convocatoria prazo de presentación solicitudes PEL CONCELLOS 2024.(Dende 11/12/2023 ata 11/01/2024).
- Publicación BOP n° 31 de 12 de febreiro de 2024 da Resolución n°2024/4824 pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2024,(PEL-CONCELLOS 2024).
- Informes do Servizo de Organización e Recursos Personais de datas 19/02/2024 (PER1810KY) e (PER1810O8) de data 23/02/2024.
- Orzamento xeral do concello.

Á vista do exposto, quen subscribe, Xefa do servizo Sociocomunitario municipal, propón á Alcaldía que resolva:

Primeiro: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aceptar á subvención da Deputación Provincial da Coruña para a contratación de persoal para execución de obras e servizos (PEL-CONCELLOS 2024).

Segundo : Aceptar da Deputación Provincial da Coruña, a subvención para a contratación de persoal, para a execución de obras e servizos durante o ano 2024 por importe de 52.000,00€.

Terceiro : Aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito, para contratación de 1 capataz e 1 peón, por un período de 10 meses (dende o 01/03/2024 ao 31/12/2024), de acordo cos informes do Servizo de Organización e Recursos Personais de data 19/02/2024 (PER1810KY) e (PER1810O8) de data 23/02/2024.

CONCEPTO	DURACIÓN E XORNADA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCELLO	DEPUTACIÓN	IMPORTE TOTAL
Retribucións	10 MESES - 6,75H	4590/13100	0,00 €	34.240,88 €	34.240,88 €
Reserva retribucións	10 MESES - 6,75H	4590/13100	0,00 €	342,41 €	342,41 €
Productividade por criterio de execución	10 MESES - 6,75H	4590/13105	0,00 €	1.161,15 €	1.161,15 €
Seguridade social	10 MESES - 6,75H	4590/16000	0,00 €	11.090,90 €	11.090,90 €
Reserva seguridade-social	10 MESES - 6,75H	4590/16000	0,00 €	110,90 €	110,90 €
			0,00 €	46.946,24 €	46.946,24 €

Cuarto : Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

Quinto: Dar conta da Resolución de Alcaldía á Xunta de Goberno Local”



E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 27/02/2024, documento de intervención(ICO18I01Y),do documento SSO18I0GO, do expediente SSO/710/2023 (Código de proxecto 2024 3 00000 1), tendo en conta tamén o informe emitido o 26/02/2024 (SSO18I0GN) , esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE AUGAS DE GALICIA PARA A ACTUACIÓN DENOMINADA "PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE NARÓN".

- Vista a proposta formulada que di así: O xefe do Servizo de Contratación, en data 5 de marzo de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia un informe-proposta que literalmente di:

“Expediente CON/23/2024: Subvención, de Augas de Galicia, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

Asunto: dar conta da solicitude de subvención

Con data 29 de febreiro de 2024 a alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código CON18I0GS, que literalmente di:

“O xefe do Servizo de Contratación, en data 29 de febreiro de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia un informe-proposta que literalmente di:

“**Expediente CON/23/2024:** Subvención, de Augas de Galicia, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

Asunto: Proposta de solicitude de subvención

En relación coa Resolución, de Augas de Galicia, do 29 de decembro de 2023, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto; publicada no DOGA núm. 20 do 29 de xaneiro de 2024, emétese o seguinte

INFORME - PROPOSTA

Sinalan os antecedentes da resolución referida que as auditorías municipais de abastecemento redactadas e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga aprobados polos concellos puxeron de manifesto os valores das perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento e a necesidade de axudarlles aos responsables dos sistemas de abastecemento a executar actuacións para minimizar as perdas de auga nas redes.

Por este motivo, considérase necesario cooperar coas entidades locais a través desta convocatoria de subvencións destinadas á execución de actuacións para minimizar as perdas de auga no sistema de abastecemento municipal. Esta resolución que agora se aproba ten a vontade de continuar na liña de colaboración iniciada coas entidades responsables de sistemas de abastecemento en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, para que estas poidan xestionar coa maior

dilixencia, eficacia e eficiencia posibles as súas competencias nunha materia tan importante como é a prestación dos servizos de abastecemento á poboación.

A finalidade da subvención, de acordo do art. 1 da resolución, é axudarlle ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento a executar obras para minimizar as perdas de auga no sistema de abastecemento municipal e contribuír ao cumprimento da normativa e dos obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático.

Neste contexto, é intención deste Concello incluír a actuación denominada “PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECEMENTO DO CONCELLO DE NARÓN”, sobre a base do proxecto elaborado ao efecto pola empresa INXENIUM SOSTIBLE SCP, a instancias de COSMA S.A.

O orzamento máximo das actuacións ascende a 47.027,40 €, sendo a contía máxima da subvención de 37.621,92 € (80% do total, de acordo co artigo 6 das bases). Neste sentido e en cumprimento do establecido na base de execución nº 52.1 dos Orzamentos municipais en vigor, acompáñase esta proposta do plan de financiamento de carácter provisional, a reserva dos termos da concesión, no seu caso, da subvención solicitada.

Por outra banda, sinala a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde á Alcaldía-Presidencia a avocación da competencia delegada na xunta de Goberno Local para a solicitude desta subvención, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria con anterioridade á expiración do prazo de solicitude da subvención (29 de febreiro), sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que asina, previo informe da Intervención Xeral deste Concello, eleva á Alcaldía-Presidencia, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos antecedentes deste informe e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Solicitar da AUGAS DE GALICIA unha subvención de 37.621,92 €, para a actuación denominada: “PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECEMENTO DO CONCELLO DE NARÓN”.

TERCEIRO: Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:

Proxecto	PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECEMENTO DO CONCELLO DE NARÓN	
Importe total		47.027,40 €
Recursos externos		37.621,92 €
Fondos propios	1610.61900	9.405,48 €

CUARTO: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de AUGAS DE GALICIA referida nos antecedentes deste acordo.

QUINTO: Declarar que esta entidade está en disposición de executar as obras e/ou instalacións de equipos, sen prexuízo da obtención, de ser o caso, das autorizacións sectoriais que resulten necesarias.



SEXTO: Facultar á Alcaldesa-Presidenta, Marián Ferreiro Díaz, á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios co organismo Augas de Galicia en relación con este procedemento”.

Logo de ver este informe-proposta, e a toma de razón polo departamento de Intervención de Fondos en data 29 de febreiro de 2023 (ICO18I029), esta Alcaldía-Presidentia

RESOLVE:

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos antecedentes deste informe e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Solicitar da AUGAS DE GALICIA unha subvención de 37.621,92 €, para a actuación denominada: “PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE NARÓN”.

TERCEIRO: Aprobar o cadro de financiamento provisional para esta actuación, segundo documento adxunto a esta proposta, e resumido como segue:

Proxecto	PROXECTO DE MELLORAS E EQUIPAMENTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE NARÓN	
Importe total		47.027,40 €
Recursos externos		37.621,92 €
Fondos propios	1610.61900	9.405,48 €

CUARTO: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de AUGAS DE GALICIA referida nos antecedentes deste acordo.

QUINTO: Declarar que esta entidade está en disposición de executar as obras e/ou instalacións de equipos, sen prexuízo da obtención, de ser o caso, das autorizacións sectoriais que resulten necesarias.

SEXTO: Facultar á Alcaldesa-Presidenta, Marián Ferreiro Díaz, á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios co organismo Augas de Galicia en relación con este procedemento.”

Detectado un erro material nesta resolución relativo á data da toma de razón polo departamento de Intervención de Fondos do informe-proposta elevado a esta alcaldía polo xefe do Servizo de Contratación que se indica no citado acordo, a alcaldía resolve en data 5 de marzo de 2024 rectificar o erro detectado, e onde di:

“Logo de ver este informe-proposta, e a toma de razón polo departamento de Intervención de Fondos en data 29 de febreiro de **2023** (ICO18I029)”, [...].

Debe dicir:

“Logo de ver este informe-proposta, e a toma de razón polo departamento de Intervención de Fondos en data 29 de febreiro de **2024** (ICO18I029)”, [...].

En cumprimento do establecido no punto primeiro da devandita resolución de 29 de febreiro de 2024, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidentia:

- A dación en conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita, e da rectificación acordada”.

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello en data 6 de marzo de 2024 (ICO18I02J), esta Alcaldesa

Dá conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita, e da rectificación acordada.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE FEBREIRO DE 2024..-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECIMENTO ACTIVO) do mes de febreiro de 2024, cun total de 406 contribuíntes e por importe de 3.308,90 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, ROBÓTICA, COROS, ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de febreiro de 2024, cun total de 129 usuarios e por importe de 1.051,35 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2024..-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de febreiro de 2024, cun total de 196 contribuíntes e por importe de 18.963,67 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de febreiro de 2024, cun total de 7 usuarios e por importe de 189,99 €.



Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 .- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DUN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22/02/2024.- Vista a proposta formulada que di así:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22/02/2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

(.....)

“SEGUNDO: Comunicar a COSMA que deberá emitir unha nova liquidación da taxa de recollida de lixo e PPPNT polos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, correspondente ao 4º trimestre do ano 2023, de acordo co establecido nas ordenanzas 10 e 38 do Concello de Narón, cos seguintes importes:

Auga	1,63 €
Cota fixa auga	14,09 €
Bnificación auga	1,22 €
Bonif. Cota fixa de auga	10,57 €
Saneamento variable baixa	1,01 €
Bonif. Snto. Variable Baixa	0,76 €
Cota fixa Snto. Baixa	8,27 €
Bonif. Cota fixa Snto. Baixa	6,20 €
Aluguer contador	1,89 €
Bonif. Aluguer contador	1,42 €
Depuración variable alta	1,95 €
Cota fixa Dep. Alta	5,37 €
Bonif. Dep. Variable alta	1,46 €
Bonif. Cota fixa Dep. Alta	4,03 €
Snto. Variable alta	0,73 €
Bonif. Snto, Variable alta	0,55 €
Cota fixa Snto alta	5,76 €
Bonif- cota fixa Snto. Alta	4,32 €

Lixo	27,66 €
Bonif Lixo	20,75 €
TOTAL FTRA.	22,89 €

“

Á vista do informe de COSMA e do informe do xefe do servizo de Intervención e Facenda. De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

Rectificar o punto segundo do acordo desta Xunta de Goberno Local, de data 22/02/2024, quedando a súa redacción da seguinte maneira:

“SEGUNDO: Comunicar a COSMA que deberá emitir unha nova liquidación da taxa de recollida de lixo e PPPNT polos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, correspondente ao 4º trimestre do ano 2023, de acordo co establecido nas ordenanzas 10 e 38 do Concello de Narón, cos seguintes importes:

Auga	1,63
Cota fixa auga	14,09
Bonif auga	-1,22
Bonif cota fixa auga	-10,57
Snto variable baixa	1,01
Bonif snto var. Baix	-0,76
Cota fixa snto baixa	8,27
Bonif cota fixa snto baixa	-6,2
Aluguer contador	1,89
Bonif aluguer	-1,42
Dep var alta	1,95
Cota fixa dep alta	5,37
Bonif dep var alta	-1,46
Bonif cota fix dep alta	-4,03
Snto var alta	0,73
bonif snto var alta	-0,55
Cota fixa snto alta	5,76
Bonif cota fixa snto alta	-4,32
Lixo	27,66
Bonif lixo	-20,75
Iva	1,07
Total ftra	18,15€

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4